

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E O CONSELLO REGULADOR DO MEXILLÓN DE GALICIA.

En Santiago de Compostela,

### REUNIDOS

Dunha parte, don Alfonso Villares Bermúdez, conselleiro do Mar, nomeado polo Decreto 44/2024, de 14 de abril, actuando en nome e representación da Consellería do Mar, en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

E doutra, don Manuel María Calvo García-Benavides, en representación do Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia de acordo coa Orde do 4 de abril de 2022 pola que nomea a Presidencia do Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia (DOG núm. 69, do 8 de abril), e de acordo coa Orde do 17 de novembro de 2020 pola que se nomean o presidente e os vicepresidentes do Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia, tras o proceso electoral convocado mediante a Orde do 8 de xullo de 2020, e coas facultades recoñecidas na Orde do 20 de marzo de 2019 pola que se aproba o Regulamento da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia e o seu Consello Regulador.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas e



## EXPOÑEN

### Primeiro

Que o Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe, dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma, as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros.

### Segundo

Que a Consellería do Mar da Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, diferenciación e incremento do valor engadido dos produtos da pesca, marisqueo e acuicultura, sendo o recoñecemento da denominación da orixe do Mexillón de Galicia, un deses obxectivos acadados.

### Terceiro

A Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia, configura os consellos reguladores como entidades de xestión da figura de protección da calidade diferenciada de que se trate, e establece que os consellos reguladores das denominacións xeográficas relativas aos produtos alimentarios do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia terán personalidade xurídica de seu baixo a forma de corporacións de dereito público, ás que se atribúe a xestión da respectiva denominación coas funcións que determina esa lei e as normas regulamentarias que a desenvolvan, así como os respectivos regulamentos vixentes.

Así mesmo, o Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores, regula as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e o réxime xurídico e de funcionamento dos consellos reguladores .



#### **Cuarto**

O Consello Regulador do Mexillón de Galicia constitúese como corporación de dereito público á que se lle atribúe a xestión da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia, coas funcións que determina a Orde do 20 de marzo de 2019 pola que se aproba o Regulamento da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia e o seu Consello Regulador, e demais normativa aplicable. Esta denominación está inscrita no Rexistro de Denominacións de Orixe Protexidas e de Indicacións Xeográficas Protexidas (Regulamento (CE) 1050/2007 da Comisión, do 12 de setembro de 2007).

#### **Quinto**

Que no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2025, aprobado o 17 de outubro de 2024 polo Consello da Xunta, figura no capítulo IV de Transferencias Correntes, a aplicación orzamentaria 16.02.723B.481.0, proxecto 2016 00398 N, a dotación orzamentaria destinada ao financiamento de gastos correntes do Consello Regulador do Mexillón de Galicia.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan, acordan asinar o presente convenio de colaboración con base nas seguintes

### **CLÁUSULAS**

#### **PRIMEIRA. OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e Consello Regulador do Mexillón de Galicia coa finalidade de financiar os gastos correntes que se produzan no ano 2025 derivados das actividades que desenvolva o devandito Consello ao longo do referido exercicio.



## **SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO**

O réxime xurídico deste convenio ven determinado polo que nel se establece; aplicándoselle tamén a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Regulamento da Lei 9/2007, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e a demais normativa que sexa de aplicación.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente pola Administración autonómica, previo ditame non vinculante da comisión de seguimento á que fai referencia a cláusula novena. Contra as resolucións que dite a devandita comisión, e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpor o oportuno recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

## **TERCEIRA. ORZAMENTO**

Para sufragar os gastos derivados do presente convenio, a Consellería do Mar achegará á finalidade do mesmo a cantidade de CORENTA MIL EUROS (40.000,00 €), que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria 16.02.723B.481.0, proxecto 2016 00398 N, recollida no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2025, aprobado o 17 de outubro de 2024 polo Consello da Xunta, mediante asignación nominativa.

A tramitación do expediente é ordinaria e anticipada de gasto e a eficacia deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, tendo en conta o disposto na Orde de 11 de febreiro de 1998, modificada respectivamente pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola do 25 de outubro de 2001. Existe crédito previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2025, aprobado o 17 de outubro de 2024 polo Consello da Xunta, e xustifícase porque a natureza corrente e ininterromplible das actuacións recollidas no presente convenio require o seu comezo nos primeiros meses de 2025.



#### CUARTA. GASTOS SUBVENCIONABLES

Son gastos subvencionables aqueles realizados pola beneficiaria como consecuencia das actividades que desenvolva:

**a. Gastos de contratación de persoal** (incluídas as asistencias técnicas puntuais de profesionais). Os gastos imputables á contratación de persoal reduciranse na parte equivalente aos axustes retributivos derivados do proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2025, aprobado o 17 de outubro de 2024 polo Consello da Xunta.

**b. Amortizacións e outros gastos correntes** (arrendamentos, reparacións, material de oficina, auga, enerxía eléctrica, combustibles -gases, gasóleos, gasolinas-, limpeza, teléfono, correos, así como todos aqueles de similar natureza).

**c. Gastos financeiros e asimilados.** Non serán, en ningún caso, subvencionables os xuros debedores das contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais. Si serán subvencionables as restantes comisións bancarias, incluídas as comisións de apertura e os xuros de pólizas de crédito e préstamos.

#### **d. Indemnizacións por razón do servizo:**

##### d.1 Axudas de custo.

Aloxamento e manutención: son as cantidades que se incorren diariamente para satisfacer os gastos que orixina a estancia fóra da residencia habitual, sempre que estea directamente relacionada coa actividade do Consello.

Gastos de viaxe: é a cantidade que se aboa pola utilización de calquera medio de transporte e por razón do servizo.

##### d.2 Asistencias.

Entenderase por asistencia a indemnización que proceda aboar pola concorrencia a reunións do Consello.



O procedemento para a determinación das contías das indemnizacións por razón do servizo virán determinadas nos respectivos estatutos do Consello.

Non obstante, o gasto imputable por razón do servizo previsto no antedito punto d.1 (axudas de custo) terá o seu límite nas contías que para estas indemnizacións se establecen para o persoal con destino na Administración Autonómica de Galicia, para o grupo 2º, no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia, modificado polo Decreto 96/2011, do 5 de maio. Terase en conta o establecido no apartado catro do artigo 12º do Decreto 144/2001, do 7 de xuño.

Para os efectos do artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada.

En virtude da autorización conferida polo artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considerárase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade a finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención.

#### **QUINTA. OBRIGAS**

Son obrigas da beneficiaria, consonte o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

- a. Xustificar ante a Consellería do Mar o cumprimento dos requisitos e condicións recollidas no presente convenio, coa achega dos documentos e certificados aos que se fai alusión nas súas cláusulas.
- b. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro a efectuar polos órganos desta consellería, así como por outros órganos de control competentes (Intervención Xeral, Consello de Contas, Tribunal de Contas ou órganos comunitarios) achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das referidas actuacións.
- c. Comunicarlle á Consellería do Mar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.



d. Dispoñer de libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos, consonte á lexislación sectorial que lle sexa de aplicación, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

e. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

f. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da devandita Lei 9/2007.

A beneficiaria consinte a inclusión dos datos relevantes desta subvención nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 da Lei 9/2007.

## SEXTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

**1. A xustificación dos gastos e o seu pagamento** realizarase a través da conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, mediante a presentación da **memoria económica xustificativa** do custo das actividades realizadas, que incluírá a seguinte documentación:

**a. Relación das facturas** e outros gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, o número e a data da factura ou recibín, o concepto, o importe e data de pagamento. Deberá figurar a suma de cada concepto e, ao final, o total dos gastos. Esta relación estará conformada polo/a secretario/a do Consello co visto e prace do seu presidente.

Tanto a presentación das facturas, que deberá de realizarse por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, como a súa relación ordenada é requisito imprescindible para a tramitación do mencionado pagamento, devolvéndose toda a xustificación que non cumpra con estes requisitos.



Todos os gastos que se presenten nas xustificacións deberán vir acompañados dos comprobantes de pago por calquera dos medios admisibles, excepto na derradeira xustificación, na que se admitirán como gastos realizados aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionada, e realizados dentro do ano 2025, non sendo necesario o pago previo por parte da beneficiaria.

A beneficiaria deberá achegar, na derradeira xustificación, unha certificación do/a secretario/a do Consello Regulador, que conterá unha relación dos gastos non pagados, xustificando a imposibilidade do seu pagamento. No prazo dun mes, a contar dende o cobro da axuda, débese remitir o comprobante bancario para o seu arquivo no expediente.

**b. Os orixinais das facturas** ou documentos con valor probatorio equivalente no tráfico xurídico ou con eficacia administrativa e dos recibín incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Os xustificantes orixinais presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no artigo 49 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Os orixinais serán devoltos cando se comprobe a xustificación do gasto.

Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que den lugar a pagos a conta do IRPF e/ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe das cotas deberase presentar co documento acreditativo da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate do prazo legalmente establecido para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso, a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da convocatoria.

**c. Declaración das axudas** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, na que se indicará, de ser o caso, a entidade concedente, data e importe total concedido. Cando a actividade subvencionada con cargo a este convenio estea relacionada con accións que teñen outro financiamento, deberá achegarse informe detallado de separación dos gastos imputados a cada unha das axudas ou achegas.



**d. Declaración responsable** de non estar a beneficiaria incurso en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser beneficiaria desta axuda.

**e. Cos gastos derivados das indemnizacións por razón do servizo** achegarase unha declaración xurada na que se relacione nome, apelido, relación ou vínculo co Consello, e actividade que xera o gasto. Nos gastos relativos a viaxes, ademais, deberán de expresarse nesta declaración xurada o obxecto de tales viaxes e a súa duración.

Igualmente, achegarase **certificación** do/a secretario/a do Consello, co visto e prace do seu presidente, na que se recolla o acordo do órgano competente polo que, de conformidade co disposto nos estatutos do Consello, se aproban as contías por este concepto. Ademais, nesta certificación deberán relacionarse estes gastos indicando o nome e apelidos da persoa causante, o seu vínculo co Consello, así como lugar, data, hora e motivo do desprazamento que orixine a indemnización.

Esta certificación non incluírá os gastos por subministración do combustible consumido polos vehículos do Consello, cando son utilizados polos seus cargos e polo seu persoal para o cumprimento dunha comisión de servizo con dereito a indemnización, xa que o combustible consumido nestes casos é un gasto elixible integrado no apartado b) da cláusula cuarta do convenio, relativo ás amortizacións e outros gastos correntes, procedendo, polo tanto, á súa liquidación, segundo o indicado nos apartados a) e b) anteriores da presente cláusula sexta.

Todos os gastos por indemnización por razón do servizo deberán estar directamente relacionados coa actividade do Consello.

**2 Lugar de presentación da documentación** Toda a documentación da xustificación deberá achegarse, por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.



De acordo co establecido nos artigos 62 e 65 4 f) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, efectuarase o libramento da axuda do seguinte xeito:

- Pagamentos consonte ao artigo 62 do Regulamento da Lei 9/2007: mediante pagamentos parciais unha vez xustificadas os gastos comprensivos de, polo menos, o 25% do importe do convenio, por parte da beneficiaria.
- A data tope de presentación da documentación xustificativa dos gastos que restasen para aboar ata acadar o 100% é o 1 de decembro de 2025, coa excepción dos gastos correntes do mes de decembro, que poderán presentarse ata o 15 de decembro, e que deberán de estar indicados como previsións nun anexo á memoria presentada no mes de novembro.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e para os efectos desta xustificación, consideraranse gastos aqueles realizados durante o ano 2025, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

Para a materialización dos referidos libramentos será necesaria a emisión de **certificación** favorable da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar.

Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, de acordo coas condicións establecidas nos artigos 62 e 63 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A entidade beneficiaria deberá de solicitar o importe de pagamento anticipado que considere necesario, ata un máximo de 16.600,00 €, tendo en conta que conforme co artigo 62.2 do citado regulamento, o importe conxunto dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados que, se é o caso, se concedesen non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas. Dado que a axuda está financiada con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, "*transferencias correntes, destinadas a*



*familias e institucións sen fins de lucro" queda exonerada da constitución de garantía, ao abeiro do artigo 65-4º f) do antedito Regulamento da Lei 9/2007.*

Consonte ao disposto no artigo 11 do Regulamento da Lei 9/2007, no seu parágrafo h), relativo á simplificación da acreditación do cumprimento das obrigas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social, *"a obriga de presentar a certificación prevista no artigo anterior poderá ser substituída pola declaración responsable do solicitante de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia nos seguintes casos: h) as subvencións con cargo aos créditos orzamentarios do capítulo IV, transferencias correntes, destinadas a familias e institucións sen fins de lucro".*

#### **SÉTIMA. COMPATIBILIDADE**

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illada ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

#### **OITAVA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do presente convenio e a Xunta de Galicia, os seus organismos ou entidades vinculadas ou dependentes, nin se lle poderá esixir á Xunta de Galicia ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria, polas actuacións que se deriven deste convenio.



## **NOVENA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Para os efectos de coidar do cumprimento do estipulado no presente convenio créase unha comisión de seguimento do mesmo, que estará composta pola persoa responsable da Subdirección Xeral de Valorización dos Produtos do Mar, ou persoa en quen delegue, en representación da Consellería do Mar, e por un responsable designado polo Consello Regulador do Mexillón de Galicia. A dita comisión, que se xuntará a petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para garantir a efectividade do convenio.

Neste senso, o Consello Regulador do Mexillón de Galicia. atenderá ás indicacións, suxestións e requirimentos que se lle formulen desde a Consellería do Mar en relación co obxecto do presente convenio.

## **DÉCIMA. TRANSPARENCIA E BO GOBERNO NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA GALEGA**

De conformidade co establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio, e no resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, en virtude do disposto no artigo 4 da antedita Lei 1/2016, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións, atoparanse obrigadas a subministrarlle á administración, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento, por aquela, das obrigas previstas no Título I da citada Lei.

Asemade, será obxecto de publicidade no Rexistro de axudas, subvencións e convenios, ao abeiro do disposto nos Decretos 126/2006, do 20 de xullo, e 132/2006, do 27 de xullo.

## **UNDÉCIMA. MODIFICACIÓN, REVOGACIÓN E REINTEGRO**



Serán causas de resolución deste convenio as recollidas na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e, en especial, o incumprimento dalgunha das estipulacións contidas nas súas cláusulas.

A subvención concedida ao abeiro deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu Regulamento, e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver.

Procederase ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida, cos xuros de mora devindicados, dende o momento do seu pagamento, nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo co artigo 14.1.n) da devandita Lei, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- a. O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- b. Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.

No caso de incumprimento das cláusulas do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistencia pola beneficiaria, procederase á súa inmediata resolución. Se concorren estes supostos, reintegraranse ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese.

En todo caso, a beneficiaria sométese á normativa vixente en materia de subvencións, constituída pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e as súas normativas de desenvolvemento.



## DUODÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio estará vixente dende a data da sinatura ata o 30 de decembro do 2025, agás que sexa denunciado cun mes de antelación, polo menos, por algunha das partes por incumprimento das estipulacións que nel se recollen.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Consellería do Mar

Polo Consello Regulador do Mexillón de Galicia

O conselleiro do Mar

O presidente

Alfonso Villares Bermúdez

Manuel María Calvo García-Benavides

